

ANTE A PROMULGACIÓN DO RD DE ENSEÑANZAS MÍNIMAS CORRESPONDENTES Á ESO, ANPE CONSIDERA UN ERRO PERMITIR PROMOCIONAR E TITULAR SEN LÍMITE DE MATERIAS SUSPENSAS.

ANPE rexeita o paso adiante do Ministerio que atribúe toda a responsabilidade sobre a promoción e titulación ao profesorado, deixando aos docentes nunha previsible situación de inseguridade xurídica na toma de decisións sobre a promoción e titulación do alumnado.

ANPE mantén o seu absoluto desacordo con que se obteña un título como é o de Secundaria con algunha materia suspensa. Esta medida, envía unha mensaxe contraria á cultura do esforzo, do rigor e do mérito no que a ausencia de incentivos para lograr a excelencia académica resulta desmotivadora para o profesorado e o alumnado. **Ademais, a decisión de promoción non recae nun especialista de área, senón que se dilúe no equipo docente e pode xerar controversia nos claustros porque, dalgunha maneira, esta medida menoscaba o principio de autoridade académica do propio profesorado.**

Desde ANPE queremos destacar que superar as materias é o indicador e referente para constatar que o alumnado adquiriu as competencias establecidas e alcanzado os obxectivos da etapa. Resultará por tanto imprescindible o respaldo das administracións educativas ás decisións adoptadas respecto diso polo profesorado (Xuntas de Avaluación), o contrario sería cuestionar o labor do docente e pode provocar desmotivación no propio profesorado e alumnado.

A solución para loitar contra o fracaso escolar e diminuír as repeticións non pasa por establecer sistemas de promoción e titulación con materias suspensas, senón por evitar que isto suceda, e iso pasa por reducir o número de alumnos por aula, establecer desdobres e programas de reforzo nos centros educativos, dotando de profesorado suficiente para levalo a cabo.

Con relación aos aspectos curriculares e organizativos contemplados no texto do Real Decreto, desde ANPE consideramos que se establece un novo modelo curricular adaptado á normativa europea e compromisos de España no seo da UE, que vai máis dirixido ou enfocado cara ao traballo por competencias.

Un modelo curricular máis breve en canto a extensión onde se eliminan os polémicos estándares de aprendizaxe. Observamos, a priori, unha falta de concreción, a diferenza de modelos curriculares anteriores, pois non determina de forma clara e explícita algúns contidos ou saberes básicos a impartir. Iso conlevará e requirirá unha boa e necesaria coordinación entre as diferentes administracións educativas.

Debemos ter en conta que este novo RD supón o 60% ou 50% do peso curricular, o resto dependerá das CCAA cando desenvolvan os seus Decretos autonómicos por mor da publicación desta normativa. Por tanto, a Conferencia Sectorial de Educación e o propio Ministerio han de xogar un papel fundamental, é imprescindible unha boa coordinación para unificar ao máximo a aplicación deste novo currículo e non profundar nas diferenzas xa existentes entre as Comunidades Autónomas.

De forma análoga ao contemplado no RD de Primaria, existen aspectos que poden xerar controversia como a existencia de materias básicas, como Tecnoloxía e Dixitalización, que se pode ofertar entre 1º e 3º da ESO ou Valores Cívicos e Éticos entre 1º e 4º, entendemos que resulta necesario concretar o curso onde se ha de impartir porque pode conlevar a posibilidade de non ser cursada por alumnos que cambien de comunidade. O uso de notas ou

cualificacións numéricas durante a etapa será especialmente relevante ao final desta, cun Título de ESO que non contemplará nota media que, na actualidade, é utilizada para o acceso a diferentes estudos. En canto aos contidos e a súa distribución, xerouse unha gran polémica en xeral sobre os saberes básicos de cada materia. Neste sentido, determínase un perfil de saída da etapa que se ha de alcanzar mediante a adquisición das competencias e dos obxectivos que se establecen.

Desde ANPE avogamos por unha formación integral do alumnado en todos os ámbitos (formación humanística, científica, etc.) de forma equilibrada. É necesario realizar unha seria e profunda reflexión sobre as posibles e graves consecuencias que estas medidas poidan ter sobre o alumnado con menos recursos, que na súa práctica totalidade está no ensino público, xa que non poderán compensar fora do centro educativo os déficits de aprendizaxe que acumularían ao pasar de curso e poder titular con materias suspensas, cernando as posibilidades que ofrece a este alumnado o sistema educativo como compensador de desigualdades e ascensor social.

ANPE Sindicato Independiente

N

P

E

